

CONXUROS DE DÚAS DOENZAS INFANTÍS: A CACHUCHA E O CODO. FÓRMULAS, CORRESPONDENCIAS E TRADICIÓN

Ana Acuña / M^a Joao Moreira de Morais

Esta comunicación pretende analizar dúas doenzas infantís, as súas fórmulas curativas e as correspondencias en Galicia (provincia de Pontevedra¹) e na raia entre Galicia e Portugal. A primeira parte, máis teórica, céntrase nas fórmulas e versións atopadas na zona galega; e a segunda, máis ilustrativa, presenta as equivalencias recollidas na zona transmontana (Chaves).

Na cultura tradicional galega era imprescindible que o neno fose “arriba” superando calquera mal. Lembro a emoción e o temor con que os meus informantes falaban das doenzas dos seus fillos:

Ai meu filliño, meu filliño, es un homiño e que boa faltiña fasía.

Dúas das doenzas máis ameazantes polas que pasaban (e pasamos) a maioría dos nenos galegos son a cachucha e o codo. Enfermidades físicas ou psíquico-físicas que se curan con diferentes métodos máxicos. Como sinalou Satrústegui a propósito da medicina popular vasca² “los datos referentes a la procreación y primera infancia (...) están inmersos en un mundo tenso de presiones externas que se resuelven por fórmulas de signo mágico y religioso”.

¹ Concretamente en tres concellos da provincia de Pontevedra (Pontevedra, Marín e Pontecaldelas). Por motivos de espacio non se inclúen as palabras textuais das miñas informantes.

² “Medicina popular y primera infancia”, *Cuadernos de etnología y etnografía de Navarra* 30 (1978) p. 381.

1. A cachucha

Na linguaxe cotiá a *cachucha*³ é a cabeza do porco máis ou menos salgada. No ámbito da medicina popular designa unha doenza localizada na lingua e que afecta ós nenos que se alimentan do leite materno.

A sintomatoloxía descrita polas nosas informantes amosa, ás veces, a confusión existente entre a *cachucha* e outras doenzas localizadas na boca, como por exemplo a *úlcer*a (confusión xa sinalada por un dos maiores estudiosos da medicina popular galega e que investigou nunha das parroquias tamén abordadas neste estudio⁴).

As causas do mal parecen debidas ó leite materno e no ritual terapéutico, a maioría das informantes usaba o tradicional hisopo⁵. Só nun caso se me recitou unha oración acompañada do instrumento curador (un ferrollo co que pecha-las portas):

Cachucha, cachucha
Vaite d'éf qu'ó ferrollo da porta
anda por éi.
Pola ghrasia de Dios e da V. M^a
un Padrenuestro e un Ave M^a
Qu'este mal vaia pa baixo
e nunca veña pa riba.

A oración empregada pola súa forma e contido (invocación do mal, ameaza, expulsión mediante un obxecto ritual e intercesión divina) é semellante a outras oracións recitadas para doenzas da boca ou da lingua diferentes, na sintomatoloxía, da *cachucha* como son: as *cochinchas* (E. Bande⁶), a *úlcer*a, *labia*, *aftas*, *carouqueixas*, *lixo de la lengua* (Lis Quibén⁷), as *boxexas*, *carouquexas*, *cochecha*, *cochicha*, *sársaro*, *sársaro* (V. Risco⁸), as *boubas*, *buas*, *carouxeiras*, *sársaro* ou o *farafallo*, *alfolfa*, *farfallo*, *liñaceiras*, *lira*, *lirias*, *lóbado*, *sapas* e *sapiños* (Llópiz⁹)¹⁰.

Tendo en conta que esta oración é única tanto no traballo de campo recollido como na bibliografía consultada, cabe pensar que é unha recreación da recitadora a partir desas oracións emparentadas.

³ Constantino García, *Glosario de voces galegas de hoxe*, Verba anexo 27 (Santiago de Compostela: Universidade, 1985) recolle en A Mezquita o significado de “paperas” ó carón do máis habitual.

⁴ E. Becoña Iglesias, *La actual medicina popular gallega* (A Coruña: Magogygo, 1981).

⁵ Xa nos tratados renacentistas, os médicos recoñecían os hisopos como cura para as úlceras das enxivas e da lingua. J.M^a López Piñeiro y Francesc Bujosa, *Los tratados infantiles en la España del Renacimiento* (Valencia: Universidad, 1982).

⁶ E. Bande, “A medicina popular nun pobo de Ourense. A parroquia de Sande”, *Brigantium*, 4 (1983) pp. 107-111.

⁷ V. Lis Quibén, “Medicina popular”, *Revista de Dialectología y Tradiciones populares* (1944-1945) pp. 253-331; “Medicina popular gallega”, *Revista de Dialectología y Tradiciones populares* (1949) pp. 309-506; “Datos de medicina popular en Galicia”, *Archivos Iberoamericanos de Historia de la Medicina* (1953) pp. 253-265; *La medicina popular en Galicia* (Madrid: Akal, 1980).

⁸ V. Risco, “Etnografía. Cultura espiritual”, *Historia de Galiza* (Buenos Aires: Nós, 1961).

⁹ Escribiu un *Refraneiro* inédito existente no Museo de Pontevedra, a quen lle agradecemos a posibilidade de consultalo.

¹⁰ Remito para a segunda parte desta comunicación, xa que estas doenzas tamén se atopan na raia portuguesa, ademais doutras partes do mundo que non poderemos tratar aquí.

2. O codo:

A pesar do nome, o codo nada ten que ver coa parte do corpo (en galego “cóbado”). Dado que o codo se caracteriza por unha “prominencia”¹¹ na barriga o étimo desta doenza habería que buscalo nunha das palabras empregadas nunha das oracións: “codón”.

Segundo Corominas “codón” significa “guijarro” e derivaría do latín COS, COTOS con numerosos descendentes hispánicos (catalán, galego e portugués). O grupo galego-portugués representa unha formación adxectiva *COTINUS, de aí o trasm. códeo, miñoto cõdo, códo “camada grande de helada que endurece la tierra” e galego codo “prominencia do ventre” onde a forma do mal lle daría nome á doenza¹².

O *codo* caracterízase por varios síntomas (choro, fraqueza, diarrera). O diagnóstico é sinxelo (estira-lo neno no chan e comprobar se se lle forman dúas barrigas no ventre) e a causa indefinible (“Decían que era por aire de gható, aire de bichos pero nunca se sabe exactamente por que é”), aínda que para unha informante está claro: “O codo é a fame”.

Segundo se deduce da descrición das nosas informantes, o *codo* confúndese con outras doenzas con sintomatoloxía semellante: *enghenido*, *aire*, *ventre caído*... Investigadores como Lis Quibén¹³, Becoña Iglesias¹⁴ e outros¹⁵ teñen reparado nesta falsa sinonimia acrecentada polo feito de que nas propias oracións se cite a outras enfermidades (véxase máis adiante calquera das versións das oracións recollidas por min).

A terapéutica ritual que lembran ou empregan as miñas informantes variará segundo distingan ou non o *codo* do *enganido*. Para a curación do codo “córtase” o mal cunha oración e cun coitelo ou cunha peseta chaduca, podendo complementarse coa visita a unha determinada ponte¹⁶ que o enfermo, no colo da nai, debe rodear vinteseite veces.

Cando consideran o *codo* como sinónimo de *enghenido*¹⁷, a terapéutica ritual é diferente: pasan o neno por debaixo dunha madeixa de liño, mesturan unha serie de ingredientes nunha tella que se debe romper nunha encrucillada, múdanlle de roupa ó neno, etc.

Recollemos cinco oracións, versións¹⁸, para corta-lo codo:

¹¹ Definición dada por Llópez ou por Lis Quibén nos seus estudos.

¹² Sen embargo, como se verá na segunda parte desta comunicación, na zona trasmontana (nin en ningunha outra zona de Portugal) non se atopa esta denominación para a enfermidade.

¹³ Lis Quibén, ademais de recoller noutra parroquia de Pontevedra a doenza do “mal do codo” e “aire de envidia y excomulgado” (1980) pp. 63-64, 264, recolle noutras publicacións os nomes de “mal do codo” (1953) p. 264, ou “mal do aire”, “aire de envidia, excomulgado, etc, etc” (1944-45) pp. 271, 259.

¹⁴ Elisardo Becoña anota as semellanzas entre o “codo” e o “cobro” co “enganido”. (1981). Repárese en que o nome de “cobro” designa outra doenza como é o aire dun animal, por exemplo a culebra, que posúe unha oración curativa semellante. Pode consultarse neste sentido a V. Lis Quibén (1980) ou a X. R. Mariño Ferro, *La medicina popular interpretada* (Vigo: Xerais, 1986).

¹⁵ X. R. Mariño Ferro (1986) ou X. Taboada Chivite, *Ritos y creencias gallegas* (A Coruña: Sálvora, 1982²). Neste último atopámo-la doenza en oracións destinadas a cura-lo “aire de envidia”.

¹⁶ A ponte é utilizada nesta provincia para curar numerosos males: “Po aire, po codo, po aire de morto, po enghanido, pa todo canto hai”.

¹⁷ Esa mesma terapéutica é aplicada a outras doenzas como a hernia, abantuxo, entangaraño/tangaraño/engaraño/arangaño, sombrados, crebadura, solta, esbrilladura...

¹⁸ Falamos de “versión” no sentido outorgado polos estudiosos do romanceiro “redacción completa o fragmentaria de un romance tomada en conjunto y en cuanto difiere de las demás redacciones totales del mismo”, Menéndez Pidal, *Estudios sobre el romancero* (Madrid: Espasa Calpe, 1973) p. 299.

I

Córtote codo, córtote sollo, córtote todo
 aquí te prendo, aquí te teño
 Córtoch'o enghanido,
 Córtoch'o aire do camiño,
 Córtoch'o aire de morto.
 Pola ghrasia de Dios e da Virgen María
 un Padrenuestro e un Ave María.

II

Córtote sollo, córtote todo
 Equí te teño, equí te prendo
 Córtoch'o enghenido,
 Córtoch'o aire de morto,
 Córtoch'o aire de vivo.
 Cun Padrenuestro e un Ave María
 Fulano de tal este mal lle pasaría
 Que lle vaia para baixo e non parariba.

III

Corta codo, corta sollo, corta codo
 Aquí te teño, aquí te prendo
 Córtoche o enghanido,
 Córtoche o camiño
 Córtoche o aire de morto
 Pola ghracia de Dios e da Virgen María
 Un Padrenuestro e un Ave María.

IV

Córtote codo, córtote todo, córtote tobo
 aquí te corto, aquí te seco, aquí t'estendo, equí te prendo
 viva Jesús y María este mal pa baixo
 e o meniño que sea, a persona que sea va para riba
 e con este o, con o, este codo d'equí salirá, nunca máis equí volverá
 e con a, coa ghracia de Dios e da Virgen María
 cun PN e un AM.

V1

"O cuchillo corta o pan, corta todo canto lle dan, corta desta criatura cantos estean infectados por lombriza lombrizón. Esta lombriza si é macho e femia do castizón hai que matala sólo unha ten que quedar pa remedio da criatura pa salvar esta criatura de toda lombriza mala. Corto as lombrizas que non sean da fariña. Fulano de tal ten nove lombrizas, nove sobran oito, pra Julio ou Juan José ou o que sea, ten nove lombrizas nove sobran oito, sete seis, seis cinco, de cinco catro, de catro tres, de tres dúas, de dúas unha, esta unha queda pa remedio da criatura. As outras morrerán pa que aquí non haxa mal.
 Que tamén lle corto o codo, córtollo todo, aquí o mato, aquí o tolo. O cuchillo fixo o ferreiro pa cortar codo *codón*, codo codeiro. O codo está cortado e a criatura salvada do fogho ardente do démoru ardente e do mal que ten no no vientre. Todo este mal do vientre morrerá, esta criatura curará e quedará limpia e sana de todo mal [] PN e AM"

V2

"Cuchillo que córta-lo pan, cortas todo canto che dan, córta-lo codo, córta-lo todo aquí o mato aquí o tolo o codo desta criatura. Este codo queda cortado coma o ferro foi marterizado. O cuchillo fixo o ferreiro pa cortar codo codeiro, codo *codón*, cortar, lombrizas, lombrizón e que as lombrizas desta criatura non se desarrollen nin crezan nin revezan que desaparezan porque FT ten 9 lombrizas. De 9 sobran 8, de 8, 7, de 7, 6, de 6, 5, de 5, 4, de 4, 3, de 3, 2, de 2, 1.

Esta unha queda pa remedio da criatura, as outras todas morrerán pa que no intestino e nos [rons] desta criatura non haxa mala enfermédá. Poder de Dios. VM, un PN un AM”.

Son cinco fórmulas imperativas dirixidas ás forzas curativas ou á enfermidade, en palabras de Laín Entralgo¹⁹ “conxuros”. Este carácter de conxuro pode extrapolarse a tódolos outros textos da miña recolla. Tal e como sinalou C. Lisón sobre a “poesía rural” galega “es una forma de agresión; desde luego que no es sólo eso, pero de lo que no tengo duda es de que en toda ceremonialización poética popular y colectiva predomina absolutamente en cuanto a contenido la nota agresiva²⁰”.

Comparando as cinco versións vemos que catro delas a penas difiren entre si. Esa característica é debida ó papel de transmisor dunha das informantes (informante I), como elas mesmas recoñecen.

Todas estas informantes son curadoras cun maior ou menor grao de profesionalización (entendido como dedicación). Ó noso entender existe unha relación estreita entre o grao de profesionalización das informantes e o grao de variación e apertura²¹ de cada fórmula. Tomando como punto de partida a distinción establecida por Elisardo Becoña²² entre os tipos de curadoras, vemos que as informantes I, II, III, IV se poden catalogar baixo a súa denominación de “boa muller” (persoas do lugar ou da parroquia ás que se acode por doenzas específicas e que non cobran) fronte á informante V que se inscribiría no grupo da “curandeira” (trata todo tipo de males, pide a vontade, a ela acoden persoas de lugares lonxanos e posúe un coñecemento por herdanza familiar ou por ter man). As primeiras, as catalogadas como mulleres boas, conservarían o seu conxuro tal e como o recibiron da tradición, mentres que a considerada curandeira nos ofrecería un conxuro máis elaborado (sen embargo repárese en que o principio é semellante ás demais oracións, afectando a apertura ó resto da oración).

O conxuro da informante V presenta características innovadoras xa que supón en boa parte recreación propia. Proba desta contínua recreación son as dúas gravacións que lle realizamos nun intervalo mínimo de tempo. A oración recitada durante a primeira entrevista para o codo aparece unida na segunda entrevista coa oración das lombrigas (V 1 e 2).

Non debe estrañarnos esa unión entre o codo e as lombrigas nunha mesma oración. Dende o punto de vista do contido codo e lombrigas teñen puntos de contacto²³ e dende o punto de vista da forma ámbalas dúas oracións invocan ó elemento curador (“o coitelo”) e seguen unha poética de reiteración e rima semellante. A propia curadora di sobre o codo: “Codo: crece a barriga pa un lado ou teñen lombrizas”.

¹⁹ *La curación por la palabra en la antigüedad clásica* (Barcelona: Anthropos, 1987) p. 30.

²⁰ *Perfiles simbólico-morales de la cultura gallega* (Madrid: Akal, 1981³) p. 49.

²¹ Volvemos a retomar conceptos e análises aplicadas ó romanceiro xa que “El modelo reconstruido a partir del estudio sincrónico y diacrónico de los romances será, sin duda, adaptable a otros géneros de literatura oral, aunque obviamente requerirá modificaciones”, D. Catalán, *Arte poética del romancero oral* Parte I^a Los textos abiertos de creación colectiva (Madrid: Siglo Veintiuno, 1997) p. 180.

²² *Medicina popular* (Vigo: Ir Indo, 1989).

²³ M. Cabaleiro Goás escribiu sobre a extraordinaria importancia que a medicina popular galega outorga ás lombrigas xa que son empregadas como factor etiolóxico en Neuropsiquiatría. Pero non só as “lombrigas” son consideradas causantes, dentro do eido neuropsiquiátrico, destas crises convulsivas. As diversas enfermidades psíquicas poden no seu conxunto ser causadas por estes vermes”, *A psiquiatría na medicina popular galega* (Compostela: Xunta de Galicia, 1997) pp. 34-35.

Por outra parte cando esta curadora “corta” calquera doenza tamén corta todas aquelas semellantes porque como ela explica: “as oracións que sei son moi ghrandes e poderosas para dar. Porque non é solo unha cousa”. Así por exemplo, para cura-la herpe enumera:


Se por exemplo é un herpe acema con foghaxe tes que cortala:

Cuchillo que córta-lo pan, córta-la foghaxe, córta-la varicela, córta-la ruibela, córta-la sane, córta-la tiña, córta-la morriña, corta todo mal que na piel, na sanghre deste cristiano esté infectado. Se é de bichos bravos, se é de aire de excomunghado, todo mal que estea aquí con foghaxe, varicela, ruibela ten que ser curado pa que non creza nin reveza...

Antes de rematar esta parte quixera sinalar algúns trazos da poética destes conxuros presentados. Como vimos, as variacións entre as primeiras catro versións para cura-lo codo son mínimas afectando á enumeración, estrutura verbal, final adaptado, etc. A poética de tódalas oracións céntrase no formulismo repetitivo e no ti. É esta unha poesía de expresión sinxela²⁴, sen adxectivos nin metáforas, pero chea de analoxías, antíteses, estruturas bimembres ou trimembres, acumulacións verbais, nominais e adverbiais, mesmo caótica ou absurda.

A propia organización fónica e sintáctica da fórmula máxica obedece ó principio do paralelismo, que asume (coma as outras figuras) unha función de focalizador da atención. A descarga emocional divídese entre a palabra (rima, metro regular, aliteracións) e a xestualidade (“cortar”).

Imos achegarnos agora a outras literaturas de tradición oral, concretamente á portuguesa, pero a aquela máis relacionada con Galicia: a trasmontana.



²⁴ Que non se debe confundir con pobreza expresiva como moi ben observa Ana Pelegrín, *La flor de la maravilla* (Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 1996).

Começarei por delimitar a minha zona de estudo —aldeias da raia do Noroeste Transmontano, concelho de Chaves. Aqui, fiz a recolha em campo e pesquisa bibliográfica e é com base nesses dados que vou tentar estabelecer correspondências ou aproximações possíveis entre as doenças infantis designadas por *a cachucha* em relação àquelas nesta zona designadas por *sapinhas*, *sapas*, *farfalho* e *o codo* aqui designadas por *ventre caído*, *ar mau* (*ar de luar*, *ar de inveja* e *ar de defunto*) e *engaranho*. Assim, há que ter em conta as variantes que podem, inclusive, existir na mesma zona e até a poucos quilómetros de distância.

Quanto à primeira doença, na aldeia de Vila Nova de Monforte dizem esta reza:

Os bichos do santo Inobe são 9
de 9 se formem 8
de 8 se formem 7
.....
.....
de 2 se formem 1
e que não fique nenhum.
Em louvor de Deus e da V. Maria,
um Pai Nosso e uma Avé Maria.

A oração é rezada quando à criança lhe nascem na boca empolhas grandes e não consegue mamar. Chamam-lhe *as sapas*. A mesma oração é utilizada para cortar as lombrigas. A rezadeira pega numa faca e faz cruces sobre a barriga da criança chorona, de aspecto pálido, com olheiras e dores de barriga.

Na reza faz-se uma enumeração num sentido decrescente como se fossem desaparecendo da criança, um a um, os bichos todos.

Na aldeia Casas de Monforte a doença é conhecida por *sapinhas*. Descrevem-na como bolhinhas abrançadas de água, que nascem por dentro da boca e na língua. Dá irritação, a boca cheira mal e a criança não consegue mamar.

Fazem unicamente um ritual de cura: apanham 7 ou 9 *sapas* —bichinhos, pequenos e pretos que existem debaixo das pedras em locais frescos e húmidos, nas adegas das casas, por exemplo, também chamados bichos cantareiros por aparecerem debaixo dos cântaros da água, antigamente quando não havia água canalizada nas casas. Então, metem-nos num saco de pano bem fechado e colocam-no no peito do bebé. Quando os bicharocos secarem também as *sapinhas* da boca do bebé secaram. É interessante salientar que o termo “*sapas*” designa quer a doença (*sapas e sapinhas*) quer os pequenos animais utilizados para a sua cura.

Em Mairos, aldeia próxima desta última, *as sapinhas* curam-se colocando três luzinhas a arder e dizendo a oração:

Luzinha daqui,
luzinha dali,
luzinha d'além,
cura as sapinhas
que esta criança tem.
Em louvor de Deus e da V. Maria,
um Pai Nosso com uma Avé Maria.

O nome da doença está presente na oração por isso não deixa margem para dúvidas. O mesmo acontece para curar o *farfalho*. Se consultarmos o dicionário a palavra *farfalho* tem como sinónimo *sapinhos*. Ambas se referem à inflamação da mucosa bucal com manchas brancas, que aparecem nas crianças fracas. Afta é o termo genérico conhecido pelo povo, no entanto dizem as mulheres entendidas: «as aftas são outra coisa, chamam-lhes também úrsulas», feridas que nascem na boca.

Ao mesmo tempo que dizem as palavras num tom coativo para que a doença largue o corpo:

Farfalho vai-te daqui
que porcas e porcos
comem aqui.
Passam a criança por cima da pia dos porcos.

Referir-me-ei em seguida ao *mal do codo* e pela leitura que fiz de Lis Quibén, parece-me poder compará-lo ao *ventre caído*.

Diz o autor: “que se conoce porque presenta un alto (un saliente o prominencia) en el ventre, en dirección de abajo arriba y además tienen diarrea”²⁵. Pois também na minha região se diz que a criança que chora com dores de barriga, com o ventre inchado e sem apetite tem o ventre caído. A juntar à queixa vem reforçada a seguinte prática curativa: pega-se na criança pelos pés, de cabeça para baixo e sobre a pedra da lareira abana-se, para que o ventre volte ao lugar. Dá-se-lhe uma palmadinha na planta dos pés, dizendo ao mesmo tempo esta oração:

Ventre caído torna ao teu lugar.
Assim como as pitas
vão para o poleiro,
quando se vão empoleirar
Com o poder de Deus e da V. Maria,
um Pai Nosso e uma Avé Maria.

A rezadeira começa por nomear explicitamente o mal —“ventre caído”. Segue-se ordem / desejo de restabelecer o equilíbrio “torna ao teu lugar”, confirmado pelo procedimento – abanar o corpo da criança, pondo-o em posição invertida e batendo-lhe nos pés, para que volte ao seu estado normal. Em seguida serve-se da analogia “assim como as pitas vão para o poleiro, quando se vão empoleirar” baseada em experiências do seu quotidiano. A realidade geográfica está também marcada pelo termo “pitas”, vocábulo do Norte que significa galinhas.

Outras orações e outros procedimentos praticados no Norte de Portugal curam doenças com sintomas idênticos.

²⁵ Lis Quibén, *La Medicina Popular en Galicia*, p. 264.

ar o mau ar

Leva-se a criança a uma encruzilhada e a rezadeira diz a oração:

Ar de vivos e ar de mortos,
 ar dos corruptos,
 ar dos excomungados,
 ar do monte e
 ar da pedra da fonte.
 Ar mau de todos os ares.
 Vai-te daqui, paras ondas do mar,
 para onde não possam navegar.
 Assim como a erva de Nossa Senhora consagrada
 assim esta criança fique sã e salva.
 Em honra de Deus e da V. Maria,
 um Pai Nosso com uma Avé Maria.

A repetição “ar” no início dos versos, enfatiza e individualiza e ao mesmo tempo “mau ar” culmina na globalidade do ar — “ar mau de todos os ares”, o que parece dar certo poder a quem a pronuncia. A expulsão do mal é marcada pelo deítico “daqui” e o mal é transferido para a imensidão do mar. Depois de afugentado o mal, estabelece-se a analogia, utilizando o elemento curativo “erva” e o divino “N. Senhora consagrada» com “a criança sã e salva”.

Ainda outros exemplos:

Para o *Ar de luar*

A criança não medra e faz a caca verde. Leva-se à rua numa noite de luar e com peneira fazem-se três cruces sobre a cabeça e diz-se:

Luar, luar,
 leva a tua formosura
 e deixa a minha criatura,
 que a quero criar.
 Pela Graça de Deus e da V. Maria,
 um Pai Nosso e uma Avé Maria.

É de salientar a organização antitética da reza:

/ deixa, a tua / a minha, quero (exigência) / súplica (pela Graça de Deus).

Também se podem fazer cruces com a faca sobre a cabeça da criança e dizer:

Eu te corto ar e luar
 e o mau ar e esprem.
 Todo o mal que esta criatura tem.
 Em louvor de Deus e da V. Maria,
 um Padre Nosso e uma Avé Maria.

Para o *Ar de inveja*

Contava-me uma senhora de 83 anos: “apareceram-me aqui os pais de uma criança de colo para que lhe cortasse o ar, chorava dia e noite e não mamava. Já estava enganada dos médicos.

Peguei num prato fundo da sopa, deitei-lhe água e três pingos de azeite. Se o azeite ao cair na água alastrar, é sinal que tem inveja. E foi o que aconteceu. Então com uma faca fiz cruces, ligando os pingos do azeite e disse-lhe esta oração:

Maria (o nome da criança) tens mau olhado
com a Graça de Deus to vou tirar.
Dois to botaram,
três to vão tirar,
é Pai e Filho e Espírito Santo
que é o nome da virtude.
Um Pai Nosso com uma Avé Maria.

A mesma senhora contou-me outro caso —*Ar de defunto*— passado com uma rapariguinha que veio de Chaves, também despedida dos médicos. “Só tinha pele e osso, sequinha, miudinha já nem chorava, miava, nem parecia gente. Chumbei-a e lá ficou na água desenhado um caixão —era o ar da avó, que tinha morrido há pouco tempo. Então disse-lhe esta oração:

Ar bom, ar mau
ar de cão,
ar de toda a nação.
A sepultura que desenhaste
para esta criatura,
abre-a para ti.
Em louvor de Deus e da V. Maria,
um Pai Nosso e uma Avé Maria.

Isto passou-se há talvez 50 anos e hoje é uma mulher de trabalho”.

O ritual é o seguinte:

É preciso chumbo que se compra nas casas funerárias e numa colher vai a derreter ao lume. Ao lado deita-se água fria num alguidar de barro. Quando o chumbo estiver completamente derretido, fazem-se umas cruces por cima da cabeça da criança e logo a seguir deita-se no alguidar. Aí ficam os desenhos do ar mau.

Neste momento a benzedeira, esconjura, dirige-se ao mal, nomeando-o e agredindo-o através das palavras. No dizer de Dominique Camus: “le panseur parle à la maladie comme à une entité vivante à qui il ordonne de quitter le corps de celui qu’elle tourmente”²⁶.

Na aldeia de Soutelinho da Raia também se pode expulsar o ar ruim da criança, defumando-a. Faz-se um defumadouro numa lata velha com as seguintes ervas, benzidas no domingo de Ramos: loureiro, salva, malva, oliveira, alecrim e cangoça.. Mistura-se às ervas uns pingos de azeite e põe-se ao lume a arder com 3 miolos de pão e 3 pitadas de sal.

Enquanto arde, a gente benze-se e diz três vezes:

E sobre esta repetição, três vezes logo no início da reza, diz Lisón Tolosana: “a reiteración crea una atmósfera de calma e de dominio, dá confiança”²⁷.

²⁶ Dominique Camus, *Voyage au pays du magique* (Paris: Flammarion, 1995) p. 108.

²⁷ Carmelo Lisón Tolosana, *Antropología social y hermanéutica* (México: F.C.E., 1983) p. 141.

Em nome do Pai , do Filho e do Espírito Santo (3 vezes)
 Ar, mau ar
 sai-te daqui.
 Que a cinza do lar,
 vai atrás de ti.

Leva-se em seguida aquela mistela a uma encruzilhada, sem olhar para trás e pressa-se por outro caminho diferente.

Quando as crianças sofrem de um enfraquecimento geral, tornando-se plengonas e choronas, cruzam as pernas magrinhas e não se têm em pé, o diagnóstico evidente —*engaranho* ou angaranho. Na região de Verín “arangaño”, Taboada Chivite²⁸.

Há sempre em qualquer aldeia quem o saiba rezar e qualquer pessoa o pode fazer.

Na aldeia de Lamadarcos, a mãe pega na criança ao colo, ata-lhe um barço nas pernas e leva-a a uma encruzilhada. A 1ª pessoa que passar, de preferência um homem, ata-lhe o barço, atira-o para trás das costas e diz as seguintes palavras:

Criatura de boa ventura,
 corta-me o engaranho a esta criatura.

Volta para casa com a criança, repete o processo e sai de casa por outra porta diferente, dirigindo-se a outra encruzilhada diferente e a ida e a vinda devem ser feitas por caminhos também diferentes.

Este ritual deve ser repetido 3 vezes ao dia e durante 9 dias.

Na aldeia de Oucidres, o ritual é igual, no entanto a fórmula é mais completa:

Lá vem o homem da fortuna
 cortar o engaranho a esta criatura.
 Engaranho vai-te daqui,
 sai para outro lugar,
 que esta criatura quer engordar.
 Reza-se um Pai Nosso e uma Avé Maria.

Nesta aldeia também o cortam à porta do forno. Têm que lá estar 3 Marias ao pé. Uma de um lado, outra do outro e a 3ª a meter o pão no forno. Uma delas pega na criança ao colo e diz:

—toma lá Maria
 —tu que me dás?
 —dou-te o mal e espreme
 e todo o mal que esta criatura tem.
 Que vá para dentro do forno
 e que não vá para mais ninguém.

Nestas três últimas orações a doença está explicitamente citada nas duas primeiras e ausente na última.

²⁸ Taboada Chivite, citado na primeira parte desta comunicação pela Ana Acuña.

A 10 kms de Chaves, junto à aldeia de Castelões, há um santuário de Nossa Sr^a do Engarinho. Fica num local isolado, mas muito frequentado por portugueses e galegos. O recinto é relativamente pequeno. Tem uma capelinha e mesmo atrás desta há um grande penedo que tem no meio uma cova, onde a água nunca seca. As mães, avós e madrinhas levam aí as crianças na esperança da cura.

Aqui o importante é o cerimonial “e que a Nossa Senhora esteja de maré para olhar pela gente”, comentou uma senhora de idade com quem eu conversava. A mãe deve levar uma muda para no final vestir a criança e um cobertor para a agasalhar. Mergulha a criança na água e com uma malguinha deita-lhe água para trás da cabeça 9 vezes, conforme vai pedindo os seus desejos. Embrulha-a no cobertor, trá-la para a capela e põe-na sobre o altar. Despe-a e dá-lhe 9 tombinhos. Deixa ficar como esmola a roupa que a criança trazia vestida e veste-lhe outra seca. Ao fim de 9 dias, se a doença for o engarinho N. Senhora cura.

A finalizar, gostava de referir para mostrar a credibilidade destas crenças que no mês de Agosto deste ano (1998), antes da festa que se realiza no 1^o domingo de Setembro, houve um milagre presenciado por três pessoas da aldeia, uma delas contou-me o que viu: “chegou ao santuário uma senhora de idade com o neto de 2 anos ao colo, fez-lhe as cerimónias devidas (o ritual descrito em cima). No final, pousou a criança junto à porta da capela para meter uma esmola na ranhura da porta e quando se vira vê a criança a andar sozinha. Outra senhora que estava ao lado a ouvir como eu, referia-se indignada à falta de atenção do padre para estes milagres.

Com este trabalho pretendemos mostrar que no âmbito da Medicina Popular Infantil existem numerosas sinonímias para designar doenças diferentes, no entanto muito próximas, tal como acabámos de exemplificar.